

Deseño de situacións de aprendizaxe en Educación Primaria.

Guía para a materia de 1º curso Deseño, desenvolvemento e avaliación do
currículo.

Andrea Fernández Sánchez

Juan José Lorenzo Castiñeiras

Ana Sánchez Bello

Dpto. Pedagogía e Didáctica

Área de Didáctica e Organización Escolar



Andrea Fernández Sánchez

Juan José Lorenzo Castiñeiras

Ana Sánchez Bello

Deseño de situacións de aprendizaxe en Educación Primaria.

Guía para a materia de 1º curso

Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo.

Esta guía e o seu contido edítanse baixo unha
licenza Creative Commons Atribución-Non
Comercial (CC BY-NC)



Índice

Introdución	7
Condicións para a elaboración da proposta.....	10
Estrutura para o deseño de situacións de aprendizaxe	10
1. PORTADA CO TÍTULO.....	11
2. ÍNDICE	11
3. PRESENTACIÓN DA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE.....	12
4. CONTEXTO	13
5. ENCADRE.....	15
6. MARCO NORMATIVO.....	16
7. OBXECTIVOS	17
8. COMPETENCIAS CLAVE.....	18
9. CONTIDOS.....	18
10. METODOLOXÍA	19
11. SESIÓNS.....	21
12. RECURSOS	23
13. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE.....	23
14. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DA PROPOSTA ...	24
Bibliografía.....	26
Anexo 1. Táboa para a concreción curricular no deseño de situacións de aprendizaxe.....	27

Introdución

A guía que se presenta de seguido elaborouse como material didáctico para o apoio educativo na materia “Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo”, correspondente ao 1º curso do Grao de Educación Primaria da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña.

A coherencia que, consideramos, atesoura esta proposta no marco da materia á que se adscribe, está fundamentada en aspectos diversos. Dunha parte, ao amparo dunha materia do 1º curso na formación do profesorado de Primaria, propónse dende esta etapa aínda iniciática de formación superior a utilización deste recurso educativo para a planificación de situacións de aprendizaxe, cuxo dominio supón un recurso docente de gran valor para transcender a omnipresencia dos libros de texto e promover aprendizaxes significativas, conectadas cos intereses e saberes previos do alumnado. Doutra parte, coa entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE), pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), publicada no BOE n.º 340, do 30 de decembro de 2020, existen mudanzas no currículo en todos os niveis educativos que motiva unha revisión dos parámetros de referencia para a elaboración de situacións de aprendizaxe, concepto introducido no novo marco normativo e dotado dunha meirande amplitude e significación que as tradicionais unidades didácticas, moi especialmente na promoción da interdisciplinariedade.

Para poder comezar a deseñar e planificar o desenvolvemento dunha situación de aprendizaxe é fundamental, en primeiro lugar, coñecer a súa definición. Unha situación de aprendizaxe é unha estratexia docente orientada á planificación do proceso de ensino-aprendizaxe durante un período determinado; é por tanto unha guía que diseña o/a docente co

obxectivo de orientar o proceso de aprendizaxe e formación do seu alumnado.

A articulación disciplinar do coñecemento que se presenta na escola dende modelos de ensino tradicionais e que se fai patente no currículo oficial, é resultado dun proceso de compartimentación do saber e á súa acumulación por áreas ao longo dos anos. No senso oposto ao coñecemento disciplinar, a globalización pode entenderse, cando menos, en tres sentidos diferentes dende a praxe docente (Hernández e Ventura, 1992): como sumatorio de materias, relacionando contidos das mesmas entorno a un tema común; dende a conxunción de diferentes disciplinas (interdisciplinariedade), implicando o traballo en equipo de persoas expertas en diversos campos amosando as relacións entre os mesmos para acadar un obxectivo común en termos de coñecemento; e ao respecto da estrutura da aprendizaxe, conectando as aprendizaxes novas con aquelas que xa ten asentadas o alumnado para dotalas así de significatividade¹.

A interdisciplinariedade, para Piaget consiste na cooperación e interacción real entre materias, é dicir, unha reciprocidade de intercambios que xeran un enriquecemento mutuo e logran unha verdadeira transformación dos conceptos e das metodoloxías de investigación, configurando o ensino no seu conxunto. Polo tanto, supera a segregación disciplinar, identifica núcleos problemáticos máis aló de disciplinas e integra as aportacións de diferentes enfoques epistemolóxicos (Medina, Pérez y Campos, 2011).

¹ Para saber máis, consultar o texto do dossier Hernández, F., & Ventura, M. (1992). La globalización: un camino entre la teoría y la práctica. En Hernández, F., & Ventura, M. *La organización del currículum por proyectos de trabajo*, 43-86, Graó.

Para Torres (2004) a interdisciplinabilidade é un dos elementos fundamentais do currículo integrado e permite entender a aprendizaxe dende o prisma dos contidos culturais, é dicir, ver as relacións e agrupamentos de contidos que se deben establecer entre as diferentes materias. Este razoamento é popular en educación infantil e nos primeiros ciclos da Educación Primaria en España porque promove un enfoque globalizado dos contidos e incrementa a motivación do alumnado e o potencial emancipador da educación, xa que calquera problemática que interese ao alumnado pode ser obxecto de ser abordada en termos de situación de aprendizaxe. Nesa liña, a interdisciplinabilidade facilita que o alumnado estea máis capacitado para afrontar problemas cotiáns ao atender en mellor medida as necesidades individuais, partindo das súas experiencias previas e respectando os ritmos de aprendizaxe (Torres, 1994).

En definitiva, con esta proposta de guiión, en termos do profesor Jurjo Torres (impartiu docencia nesta materia e nesta Universidade durante moitos anos), buscamos:

“non só promover procesos de ensino e aprendizaxe para un conxunto específico de estudantes, que aprendan uns determinados contidos, conceptos, procedementos e cheguen a asumir de maneira reflexiva un sistema de valores, senón así mesmo, de motivar e desenvolver todo un conxunto de destrezas que lles permitan establecer novas relacións e interaccións con eses e con outros contidos culturais” (Torres, 1998, p.220).

Condições para a elaboración da proposta.

- Debe estar elaborada atendendo ao esquema proposto a continuación, que se presenta en epígrafes detallados, pero sen que iso supoño un impedimento para desenvolver a creatividade grupal nin o potencial innovador.
- A elección da temática é libre, pero debe ser motivadora e significativa para o alumnado, partindo polo tanto dos seus intereses e adecuada curricular e metodoloxicamente á idade á que vai dirixida.
- É fundamental o deseño dunha proposta globalizadora ou interdisciplinar na que se inclúan como mínimo 3 materias (matemáticas, lingua galega ou castelá, e outra a elixir).
- A extensión da proposta debe ser de 7 sesións, cunha repartición proporcional das materias segundo os tempos lectivos asignados respectivamente no Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Estrutura para o deseño de situacións de aprendizaxe

Podedes acceder [no anexo 1 á táboa para a concreción curricular do deseño de situacións de aprendizaxe](#).

Agradecementos

As ilustracións recollidas nesta guía foron extraídas de traballos entregados polo alumnado en cursos precedentes no marco da materia

Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo, polo que queremos agradecer a súa colaboración autorizando o seu emprego para a elaboración desta guía.

1. PORTADA CO TÍTULO

O título da nosa SITUACIÓN DE APRENDIZAXE debe ser orixinal e espertar o interese do alumnado. Ademais, debe estar relacionado coa temática e os contidos traballados na proposta didáctica.

2. ÍNDICE

Neste apartado deben recollese todos os epígrafes da SITUACIÓN DE APRENDIZAXE, así como a bibliografía e os anexos.

Un exemplo sería o seguinte:




Ilustración 1. Exemplo de índice.

3. PRESENTACIÓN DA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

Neste apartado debes explicar a elección da temática para a vosa proposta e a xustificación da mesma (que debe partir do interese e motivación do alumnado e contribuír aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible). Ademais, debes seleccionar as áreas de coñecemento que se traballarán con esta SITUACIÓN DE APRENDIZAXE e a temporalización e cronoloxía que pautarán os tempos para o desenvolvemento da mesma (número de sesións –cada unha co seu correspondente título-, indicando cando se van a realizar –concreción do período do curso- e a súa duración e secuencia –tempos dedicados ás diversas actividades que se realizarán en cada sesión-).

1. *Una Blancanieves diferente*



Justificación del tema

- Cercano al alumnado
- Temas transversales: Roles de género




Ilustración 2. Exemplo de xustificación da temática.

A continuación tedes un exemplo de como presentar a planificación das sesións da situación de aprendizaxe:

ACTIVIDADES Y TEMPORALIZACIÓN

Sesiones	Contenido a trabajar	Lugar de trabajo	Actividades
Sesión 1 (60 min)	Frustración/ Comprensión/ Vocabulario expresivo	Aula	<ul style="list-style-type: none"> • Actividad 1 (30 min): Aprendemos con los monstruos de colores • Actividad 2 (30 min): Aprendemos con los alimentos
Sesión 2 (45 min)	Frustración/ Comprensión/ Vocabulario expresivo	Gabinete	<ul style="list-style-type: none"> • Actividad 1 (15 min): Buscando emociones monstruosas • Actividad 2 (15 min): Adivina adivinador • Actividad 3 (15 min): Alimentamos las emociones
Sesión 3 (60 min)	Frustración/ Comprensión /Vocabulario expresivo	Aula	<ul style="list-style-type: none"> • Actividad 1 (10 min): Compramos con Teo • Actividad 2 (50 min): Clasificamos como Teo
Sesión 4 (45 min)	Frustración/ Comprensión/Vocabulario expresivo	Gabinete	<ul style="list-style-type: none"> • Actividad 1 (25 min): Escribimos la lista de la compra • Actividad 2 (20 min): Somos cocineros
Sesión 5 (60 min)	Frustración/ Comprensión/Vocabulario expresivo/ Expresión	Aula	A comprar

Ilustración 3. Exemplo de temporalización da proposta.

Con respecto á temporalización, debes recordar que cada materia ten unha distribución horaria determinada en cada curso regulada polo Decreto 155/2022 do currículo en Galicia, que debes seguir para a distribución do peso da materia na SITUACIÓN DE APRENDIZAXE. O citado Decreto é a normativa de referencia tamén para consultar os elementos curriculares a ter en conta en cada curso.

4. CONTEXTO

Debes describir o contexto onde se vai a levar a cabo a unidade didáctica: as características xerais do centro, o curso ao que vai dirixido, así como as características do alumnado e da aula.

CONTEXTO

CPI Cruz do Sar



Escuela pública ubicada en el
 Concello de Bergondo
 (zona rural).
 Situación socio-cultural y
 económica media.
 Bien comunicada.

Imparte con dos líneas cada curso (A y B)

Educación
Primaria

Educación
Secundaria

ALUMNADO

2º de Educación Primaria

17 alumnos y alumnas


10 niños

7 niñas



Procedentes de Galicia y sin
 necesidades educativas
 especiales

AULA



Amplia y luminosa.

Dispone de encerado digital y de
 rotuladores. Además, cuenta con un
 corcho al final del aula.

Ilustración 4. Exemplo de contextualización da proposta.

5. ENCADRE

Neste apartado debemos reflexionar sobre os coñecementos previos necesarios para desenvolver esta unidade. Por tanto, debes consultar no Decreto 155/22 do currículo se existen aprendizaxes que foron xa desenvoltas en cursos anteriores ás que dar continuidade.

Convén, en calquera caso, indagar sobre o grao de adquisición deses contidos previos necesarios para o aproveitamento da nosa proposta, podendo planificar algunha actividade de indagación para ver de onde partimos (tanto individualmente, como para obter unha visión global da aula), así como introducir algunha sesión de repaso, de ser preciso.

3. Conocimientos previos

Lengua:

- Producción de textos de diversa tipología
- Lectura, en silencio y en voz alta

Matemáticas

- Números naturales hasta el 10.000
- Operaciones con números naturales
- Resolución de problemas de la vida diaria



Inglés

- Present Simple
- Pequeñas redacciones

Ilustración 5. Exemplo de coñecementos previos.

6. MARCO NORMATIVO

A base legal –lexislación e normativa- baixo a cal articulades a unidade didáctica. No noso caso serán as leis orgánicas que regulan a educación na actualidade, os reais decretos, decretos e ordens.

As principais referencias serán:

- A nivel estatal: [Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación \(LOMLOE\)](#). [Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria](#).
- A nivel autonómico: [Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia](#). [Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia](#).

En España a xerarquía das normas xurídicas no marco do sistema educativo é a seguinte:




Ilustración 6. Xerarquía normativa.


7. OBXECTIVOS

Debedes seleccionar os obxectivos de etapa da educación primaria aos que vai contribuír a proposta educativa (atópanse no Decreto 155/2022 do currículo de Galicia).

Os obxectivos de área que podedes seleccionar de entre os do Decreto 155/2022 do currículo, correspóndense coas competencias específicas establecidas no Real Decreto 157/2022 de ensinanzas mínimas.

Os obxectivos didácticos tedes que definilos vós consultando os contidos e criterios de avaliación explícitos no currículo da área e curso seleccionados. Indican o que imos a facer, polo que serán orientadores das actividades propostas e, polo tanto, de referencia para planificar como desenvolvealas (metodoloxías e estratexias didácticas) e cando (secuencia, temporalización e calendarización).

OBXECTIVOS: Área Ciencias Naturais:



- Identificar e clasificar, con criterios científicos, en base á información vista na aula e a que eles recadaron pola súa conta, animais e plantas do fondo mariño (tanto de Fondo de Bikini, como do Aquarium) e terrestres (da súa contorna), utilizando claves e guías.

Ilustración 7. Exemplo de obxectivos específicos.

8. COMPETENCIAS CLAVE

Seleccionar as competencias clave (establecidas e definidas tanto na LOMLOE coma no Decreto 155/2022 do currículo), explicando a coherencia da súa inclusión na proposta e como se van a traballar, en tanto que a situación de aprendizaxe vai a contribuír a acadalas.

9. CONTIDOS

Deben ser seleccionados do Decreto 155/2022 do currículo entre os propios das materias que se integran na situación de aprendizaxe. Deben abarcar as catro dimensións dos saberes: saber (coñecementos), saber facer (procedementos e estratexias), saber ser (actitudes, normas e valores) e saber estar (participación, convivencia, traballo cooperativo).

Nótese que os contidos están enunciados en forma de saberes básicos de

acordo co sinalado no artigo 10.1 do Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, de ensinanzas mínimas.

10. METODOLOXÍA

Recolle as estratexias de ensinanza, que son métodos didácticos, técnicas ou procedementos utilizados polo profesorado para conseguir que o alumnado logre aprendizaxes significativas.

A selección da metodoloxía vai depender de determinados factores: os coñecementos a impartir, os coñecementos previos e predisposición do alumnado, o lugar no que se desenvolven as clases, os recursos dispoñibles etc.

Existen diversas dimensións relacionadas coa metodoloxía que se desenvolven simultaneamente, tales como os estilos de ensinanza (por exemplo, unha docencia que promove unha posición activa e participativa do alumnado), as técnicas de recollida de información (por exemplo, enquisas ou entrevistas) ou as estratexias de ensino-aprendizaxe (de carácter procesual, que serán as que nos orientarán no desenvolvemento das diversas actividades da situación de aprendizaxe). Centrarémonos neste terceira dimensión, polo que algunhas metodoloxías ou métodos de ensinanza son:

- Aprendizaxe por proxectos.
- Aprendizaxe por descubrimento.
- Aprendizaxe de servizo –ApS-.
- Aprendizaxe baseada en problemas.
- Gamificación.
- Aprendizaxe cooperativa.

- Aprendizaxe colaborativa.
- Aprendizaxe dialóxica.
- Clase maxistral.
- Modelización.
- Aprendizaxe baseado na indagación –IBSE -.
- Design thinking.
- Flipped classroom ou aula invertida.
- E un longo etcétera.

Cabe sinalar a importancia de metodoloxías que, como a investigación-acción, permiten á vez que o profesorado poida investigar e formarse durante o proceso de ensino-aprendizaxe, ao tempo que orientan o mesmo á resolución de problemas, á creación de coñecemento e á análise procesual compartida entre alumnado e profesorado. Implica un proceso estruturado de recollida de información de gran utilidade para promover un rol activo do alumnado na súa aprendizaxe, á vez que unha mellora continua da función docente e no desenvolvemento de avaliacións formativas.

Un exemplo iría na liña da seguinte representación gráfica:



Ilustración 8. Exemplo de metodoloxía.

11. SESIÓN

Descrición das actividades, organización do alumnado e duración de cada actividade (se a sesión ten diversas actividades).

Como sabedes, existen diferentes graos de complexidade no proceso cognitivo –coñecemento–. Esta xerarquía (de menor a maior complexidade ao respecto das habilidades cognitivas desenvoltas), coñecida como a taxonomía de Bloom (revisada no 2001 por Lorin Anderson e David Krathwohl), permítenos establecer as actividades que serán máis apropiadas para acadar os obxectivos propostos, tendo en conta o ordenamento xerárquico das habilidades cognitivas².

² Para ver unha descrición máis detallada podedes [consultar este enlace](#).




Ilustración 9. Xerarquía das habilidades cognitivas.

Recordade que a proposta a elaborar debe contribuír a mobilizar todas as ordes do pensamento, tendo en conta a importancia de chegar aos niveis superiores.

Unha mostra de actividades, coa primeira delas desenvolta, podeades visualizala na seguinte imaxe:

MATEMÁTICAS			
	ACTIVIDADES	DURACIÓN	RECURSOS
1ª SESIÓN	La centena	15 min	Ábaco
	La representación de los recuerdos	35 min	17 ábacos + pantalla electrónica
2ª SESIÓN	El rondoneo a las decenas	10 min	Pantalla electrónica
	El bingo	40 min	17 Plantillas del bingo
3ª SESIÓN	Gymkhana	50 min	2 cajas + 2 ábacos + 20 pelotas de goma espuma

LA REPRESENTACIÓN DE LOS RECUERDOS

LA CENTENA

1

Ilustración 10. Exemplo de sesión na materia de Matemáticas.

Na seguinte imaxe obsérvase unha mostra do rexistro da información recollida no desenvolvemento dun proxecto de investigación:

ESTE SERÍA A NOSO REXISTRO:

REXISTRO DO CRECIMENTO DA NOSA SEMENTE:

Nome do grupo:
 Nome da semente:
 Data de nacemento:
 Ubicación da túa semente:

Rego:

Tamaño na semana 1:

Tamaño na semana 2:

Observacións:

Ilustración 11. Exemplo de rexistro de información.

12. RECURSOS

Recolleranse neste apartado aqueles apoios empregados para o desenvolvemento das actividades, tanto dixitais como físicos. Debemos ser coherentes á hora de planificar as sesións en función dos recursos precisos, empregando aqueles accesibles tanto para o alumnado como o profesorado, sen que este apartado implique dinámicas de exclusión educativa.

13. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

Que imos avaliar? Criterios e instrumentos de avaliación parciais ou globais para as áreas seleccionadas.

Cando o imos avaliar? Descrición da avaliación, que debe ser global, continua e formativa.

Como o imos avaliar? Procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación –rúbrica, checklist ou listas de cotexo, observación (especificar o tipo), cadernos de aula, gravacións, dianas, mapas conceptuais, etc.-.

14. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DA PROPOSTA

Que imos avaliar da nosa proposta e do rol docente? Criterios de avaliación para analizar o éxito da proposta, así como o noso papel no desenvolvemento da mesma. Importante para detectar melloras na nosa praxe profesional e para optimizar progresivamente a situación de aprendizaxe deseñada.


Como imos a avalialo? Instrumentos de avaliación (cualitativos e/ou cuantitativos) aplicados para avaliar a calidade da proposta e do rol docente. Importante atender aos obxectivos para elaborar os instrumentos –rúbrica, checklist ou listas de cotexo, observación (especificar o tipo), dinámicas de diálogo e debate, cadernos de aula, gravacións, dianas, mapas conceptuais, etc.-.

Quen o vai a avaliar? O ideal é que haxa avaliacións tanto por parte do alumnado como de autoavaliación por parte do profesorado.

Un modelo sinxelo de rúbrica de avaliación sería a diana:

DIANA PARA A AUTOAVALIACIÓN

Utilizaremos unha diana para que os alumnos/as poidan facer unha valoración de como se sentiron durante a realización das actividades e así tamen saber de que maneira podemos mellorar cara a un futuro



OS CROODS

Ilustración 12. Exemplo de avaliación.

Bibliografía

- Hernández, F. e Ventura, M. (1992). *La organización del currículum por proyectos de trabajo*. ICE-Graó.
- Medina R. A. e Mata F. S., (2009). *Didáctica General*. Pearson Educación.
https://www.academia.edu/5806403/Medina_R_A_Mata_F_S_2009_Did%C3%A1ctica_General_Pearson_Educaci%C3%B3n_Madrid
- Torres, J. (2004). Asignaturas enfrentadas en busca de espacio. *Curriculo sem Fronteiras*, 4(2), 5-32.
- Torres, J. (1998). Elaboración de unidades didácticas integrales. En Torres, J. *Globalización e interdisciplinariedad: el currículum integrado*, pp. 220- 264. Ediciones Morata. <https://educrea.cl/wp-content/uploads/2018/08/Elab-uni-didacticas-integradas.pdf>
- Torres, J. (1994). *Globalización e interdisciplinariedad: el currículum integrado*. Ediciones Morata.

Anexo 1. Táboa para a concreción curricular no deseño de situacións de aprendizaxe.

DATOS IDENTIFICATIVOS			
Título			
Etapa		Ciclo / Curso	
Área / Materia / Ámbito			
Vinculación cos plans de centro			
Relación cos ODS			
Cronograma e temporalización			
Xustificación da proposta			

CONEXIÓN COS ELEMENTOS CURRICULARES				
Competencias chave				
Obxectivos de etapa				
Área 1 / Materia 1 / Ámbito	Competencias específicas/ Obxectivos de área	Obxectivos específicos	Saberes básicos/ Contidos	Criterios de avaliación
Área 2 / Materia 2 / Ámbito	Competencias específicas/ Obxectivos de área	Obxectivos específicos	Saberes básicos/ Contidos	Criterios de avaliación

METODOLOXÍA

Métodos, técnicas, estratexias didácticas e modelos pedagóxicos

SECUENCIACIÓN

Descrición da actividade ou proceso 1

Recursos

Descrición da actividade ou proceso 2

Recursos

Descrición da actividade ou proceso 3

Recursos